



XORNADA DE PORTAS ABERTAS FAMILIAS

Informamos que o próximo **luns 9 de xuño** celebraremos a xornada de portas abertas no centro. Ás **17 h.**, na biblioteca do centro, convocamos unha reunión informativa, na que se exporán as liñas de traballo do centro, as normas e regulamentos, os servizos e as actividades complementarias. Remataremos cunha visita as instalacións do centro.

A segunda parte da reunión estará especialmente adicada ao novo alumnado de educación infantil, que será informado por profesorado dese ciclo.

A convocatoria é para toda a comunidade escolar, especialmente para as novas incorporacións.

XORNADA DE PORTAS ABERTAS ESCOLAS UNITARIAS

Tamén ese mesmo **luns 9 de xuño** e ao longo da mañá, o alumnado de nova incorporación ao centro para o curso 2014/15 procedentes das unitarias do Concello, terá unha xornada de convivencia co que serán os seus compañeiros e compañeiras no próximo curso escolar.

Nas aulas, no patio e no servizo de comedor compartiran diversas actividades.

COMEDOR e TRANSPORTE ESCOLAR

Na xornada de portas abertas informaremos amplamente sobre os servizos complementarios Regulamentación de comedores, dereitos, deberes, organización, gratuidade/pagos, lista de espera, continuidade do servizo.

FIN DE CURSO

Xoves 19: Entrega de notas

Os boletíns de notas entregaranse o xoves día 19. As familias terán ata o día 29 de xuño para presentar calquera reclamación ante as titorías ou a xefatura de estudos.

Festival fin de curso:

Será unha xornada especialmente festiva para o alumnado. Todas as titorías do centro e alumnado das escolas unitarias do Concello desenvolverán ao longo da mañán diferentes actividades musicais co grupo MAGÍN BLANCO

É unha actividade organizada exclusivamente para o alumnado

Durante a xornada, a dirección e a secretaría do centro só atenderán casos de urxencia.

Flashmob “Móvete”

Venres 20 de xuño: fin da actividade lectiva

Ese mesmo día todo alumnado e profesorado ten prevista a grabación dun flasmob baixo o ritmo de “Móvete” proposto dende o Plan Proxecta da Consellería de Educación.

Posteriormente publicarase na web do centro.

MATRÍCULA ALUMNADO: Só para novas incorporacións ao centro.

Do 20 ao 30 de xuño está aberto o prazo de formalización de matrícula para o alumnado de nova incorporación ao centro. Unha vez feita a preinscripción, deberán formalizar a matrícula.

Poderán baixar a documentación da páxina web ou recollela na secretaría do centro.

O horario de dirección e secretaría do centro entre o día 23 de xuño e 15 de xullo, será de 10h -13 h.

LIBROS DE TEXTO:

A 30 de maio aínda non se tomou unha decisión definitiva sobre os libros de texto do próximo curso escolar, á espera de novas aclaracións sobre a implantación da LOMCE e da convoatoria de axudas para a adquisición de material escolar.

Pedrouzos – Brión, 30 de maio de 2014

A dirección